<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
12	Dimo en verso!	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	50%	PE	46
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	50%		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	50%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	50%	TI	54
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	50%		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	50%		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-

Contidos

- lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía refírese á actuación e á toma de decisións por parte dos docentes para amosar ao alumnado o camiño cara á adquisición das competencias e a promoción da súa aprendizaxe. Estes saberes competenciais están formulados para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Polo tanto, isto suporá un cambio nas tarefas propostas, realizado a través da implementación dunha metodoloxía innovadora na que os contidos sexan entendidos coma coñecementos que debemos aplicar na práctica. Así pois, potenciaremos unha aprendizaxe competencial baseada no saber facer. Promovemos, pois, unha metodoloxía activa e participativa na que haxa espazo para o traballo cooperativo mais tamén para o desenvolvemento individual, achegándonos, ademais, a un enfoque multidisciplinar da materia.

Noutra orde de cousas, é importante salientarmos que estamos programando para un alumnado en plena etapa adolescente, arredor dos 11-12 anos. Situámonos, pois, na fase inicial do período das operacións formais, segundo as etapas de desenvolvemento cognitivo postuladas por Piaget. Así pois, este é o derradeiro chanzo no paso á vida adulta, e nel achegámonos xa á formulación de hipóteses e á comprensión do abstracto. Así mesmo, neste proceso é importante a interacción social, fundamentais, para Vigotsky, de cara á aprendizaxe autónoma. Máis alá

das particularidades propias deste período vital, debemos de contemplar as circunstancias actuais que rodean esta fase evolutiva, como foron o confinamento e a pandemia por mor da COVID-19. Isto supuxo que a experiencia da infancia se vira limitada para este alumnado, podendo aparecer eivas no desenvolvemento das súas relacións sociais. Asemade, estes contextos comportaron unha maior dixitalización, isto é, centralizándose aínda máis o uso dos medios de comunicación e das TICs entre o noso alumnado.

Alén disto, traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire unha relevancia maior. Por iso, a nosa actuación basearase nas seguintes ideas e estratexias metodolóxicas:

- A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

- Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que se poden, obviamente, extrapolar a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

- Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo mediante a colaboración achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

- Partindo dos coñecementos previos cos que xa conta o alumnado, proxectados nas actividades da avaliación inicial, do coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no mesmo, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

- Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos, favorecendo o emprego habitual das TIC.

Para levarmos isto a cabo, é preciso establecer unha serie de técnicas. O seu propósito é que o alumnado desenvolva as competencias no proceso de ensino-aprendizaxe, aproveitando os recursos achegados. Por iso, empregaremos métodos de razoamento dedutivos; así como intuitivos e de asimilación analítica que permitan partir da experiencia do alumnado, seguindo os postulados da maiéutica socrática, achegándonos do concreto ao abstracto. Xa que logo, implementaremos técnicas coma o debate e a tertulia, a posta en común, a explicación oral, a autorreflexión e a aprendizaxe a través do propio erro. A maiores, unha técnica moi empregada será a da titoría entre iguais, na que o alumnado se axuda entre si e guía o proceso dos/as demais. Esta metodoloxía permitirá estimular e motivar ao noso alumnado e mellorar tamén as súas relacións. Canto á forma de participación no coñecemento, partiremos dunha perspectiva heurística, moi relevante no ensino das linguas ao incitar á comprensión, á actividade propia e á experiencia. Do mesmo xeito, procuraremos unha actitude activa do noso estudiantado, sendo a docente dinamizadora de cara a unha agrupación globalizada das aprendizaxes. Amais disto, debemos de ter en conta a diversidade da nosa aula, á que atenderemos no apartado 6.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador ABALAR do alumnado
Caderno do alumnado
Bolígrafos de 2 cores
Libros de lectura marcados pola docente para cada trimestre

No tocante aos recursos materiais, falamos dos analóxicos e dos dixitais. Nos primeiros, empregaremos a lexicografía como fonte de consulta, así coma outros recursos da biblioteca. Ademais, cada discente deberá de posuír un caderno e dous bolígrafos de cores distintas, para resaltar informacións clave; así como un cartafol no que gardar as fichas proporcionadas. Tanto o caderno coma o cartafol poderán ser compartidos con outras materias, sempre que o alumno/a distribúa os materiais sen confusións e/ou extravíos. Amais, incluimos aquí os libros de lectura xa indicados, así como outras escolmas elaboradas polo profesorado e que estarán dispoñibles na plataforma EDIXGAL.

No relativo aos dixitais, o uso das TIC será básico e constante, pois partimos do feito de que nos ubicamos nun centro con aulas Abalar. Neste senso, empregaremos plataformas como a web do centro para a comunicación coas familias mais, sobre todo, cómpre destacar o traballo coa aula virtual, onde compartiremos informacións e recursos para desenvolvermos esta proposta didáctica, polo que será unha guía deste proceso educativo. No caso deste nivel de 1º da ESO, esta aula virtual será a da plataforma EDIXGAL. Ademais, as TIC e as TAC tamén nos permiten integrar a diversidade na práctica de aula, pois serán clave para as tarefas de recuperación e reforzo. Amais disto, empregaremos esta ferramenta para consultar dicionarios e outras fontes na web. Amais, o emprego destes recursos permitiranos desenvolver metodoloxías baseadas na gamificación e na motivación. Canto aos recursos organizativos, o espazo habitual de traballo será o da aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permitiranos coñecer o grao de desenvolvemento do noso alumnado con respecto ás aprendizaxes realizadas nos cursos previos. Por iso, realizáremola ao comezo de curso. Para levar a cabo esta avaliación inicial establecemos uns mínimos a partir de estándares que consideramos básicos no currículo do curso inmediatamente inferior (6EP) e que, ademais, coincide co peche da etapa da Educación Primaria. Partindo destes mínimos elaboramos unha rúbrica na que atendemos ao grao de desenvolvemento de cada un deles para cada alumno/a, de maneira que coñezamos aqueles aspectos a reforzar ou potenciar en cada caso. As actividades que desenvolveremos de cara á obtención destes datos baséanse na comprensión e adecuación textual, tanto oral coma escrita; no coñecemento e respecto da diversidade lingüística; no resumo e valoración da información; na produción oral e escrita; no uso correcto das NOMIG e a puntuación; así como no emprego das TIC para as presentacións dixitais, amais da lectura autónoma e interpretación de textos literarios. Isto supón un breve percorrido polos 6

bloques de contidos curriculares establecidos no Decreto 155/2022 que regula as ensinanzas do curso inmediatamente inferior, que o alumnado vén de superar.

Unha vez realizada a avaliación inicial e cotexados os resultados, informarase ás familias sempre que se considere necesario, en especial de considerarse conveniente a realización de apoios e adaptacións curriculares. Así e todo, esta proba é un mero indicador de nivel básico para a profesora; non se lle devolverá ao alumnado dado que non ten unha cualificación en si, nin tampouco terá repercusións na cualificación trimestral, mais si servirá para evidenciar as necesidades do alumnado de cara ao curso 2023/24 na nosa materia, de maneira que as poidamos atender do mellor xeito posible. O resultado desta proba porase de manifesto na reunión da avaliación da xunta de profesores do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	8	8	8	9	9	8
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	50	46	50
Táboa de indicadores	50	54	50

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación será numérica (de 0 a 10 puntos) e responderá ás seguintes porcentaxes:

- Exames (instrumento de avaliación: probas escritas): 50% . Farase polo menos, un exame por avaliación. Neste exame establecerase unha penalización máxima por erros no uso da lingua de 2 puntos (sobre 10):

- Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0`20 puntos por falta.

- Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0`10 por falta.

- Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0`05 puntos por falta

De facerse máis dun exame, a nota será a media dos exames.

- Outros produtos (instrumento de avaliación: táboa de indicadores): 50%. Baixo esta denominación incluímos dous procedementos diferenciados:
- Traballos propostos ao longo do trimestre: 30%.
- Proba do libro de lectura obrigatorio: 10%.
- Observación: 10%. Para a valoración do traballo na aula, a atención, a actitude positiva, e o respecto do alumnado cara a materia, o grupo e a profesora.

Outros aspectos:

- O alumno que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) na proba correspondente.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota
- Redondeos. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9 asimilarse ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación, 5,9 un 6, etc.) Considerase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.
- A cualificación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, co redondeo correspondente.

Criterios de recuperación:

Haberá unha proba final escrita sobre os contidos e competencias das avaliacións en cuestión, se ben a profesora poderá realizar unha recuperación por avaliación, de consideralo necesario. Só se modificará a cualificación se é superior á inicial.

A avaliación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, aplicándolle o redondeo que figura na Programación. A cualificación do alumnado con unha ou dúas avaliacións pendentes, tras os correspondentes procesos de recuperación, fará media coa(s) avaliación(s) aprobadas. Aos alumnos coas tres avaliacións suspensas, faráselles un exame gobar de contidos e a nota final será a obtida nesa única proba escrita que reunirá toda a materia do curso. Esta proba de xuño será cualificada de 1 a 10. O redondeo aplicable será o mesmo que o establecido nos criterios de cualificación. Para superar a materia o alumno/a deberá alcanzar como mínimo un 5 .

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica neste nivel educativo

6. Medidas de atención á diversidade

Amais dos diferentes aspectos que vimos comentando, é importante termos en conta a diversidade existente na nosa aula. Por iso, as actuacións que realizaremos nesta dirección contémpanse ao abeiro da Orde do 8 de setembro de 2021, onde se nos indica que un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade pasa pola atención ás casuísticas persoais e sociais de cada discente, adaptándonos medidas e recursos precisos para a súa integración e

inclusión. É por iso que aplicaremos a metodoloxía DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe), baseada nunha aprendizaxe válida para todas as persoas, convivindo coa diversidade intrínseca a cadaquén. Segundo isto, atendermos a un grupo-clase supón contemplar ao alumnado como individuos distintos que aprenden de maneira diferenciada, de maneira que abordemos o ensino-aprendizaxe desde diferentes perspectivas. Isto suporá tamén que a nosa aula sexa un espazo no que a diversidade estea normalizada, de maneira que a súa atención guíe o desenvolvemento da práctica docente e non se contemple de xeito aillado. Tamén aquí haberá un importante oco para a acción e a expresión; así como para a motivación, que representa o por que da aprendizaxe, propoñéndoa coma un xogo que promova a positividade e a vontade de mellorar.

Así pois, a fin de acadar a inclusión da diversidade total da nosa aula, a dita Orde do 8 de setembro de 2021 amosa a necesidade dun profesorado que pense e viva a escola desde a mente de cada alumna e de cada alumno. É dicir, a docente ha de achegarse á diversidade do seu alumnado para identificar as súas necesidades, intereses e obxectivos, tratando de atendelo a través do emprego de diferentes metodoloxías que permitan a integración de todos e todas no grupo-clase. Neste senso, tamén potenciaremos a educación emocional do noso alumnado traballando para e desde as emocións, moi importantes neste proceso de transición cara á vida adulta. Do mesmo xeito, fomentaremos as chamadas intelixencias múltiples, formuladas por Gardner, de maneira que trataremos de equilibrar a práctica docente atendendo ás diferentes formas de adquirir coñecementos e habilidades; e poñendo especial atención no apoio a través de materiais visuais. Ademais, nesta atención á diversidade debemos de contemplar o contexto social no que nos inserimos. Así pois, a Orde do 8 de setembro de 2021 refire a situación de pandemia universal na que aínda nos desenvolvemos. Alén das dificultades que supuxo, amosou a necesidade de incluír as TICs como ferramenta e como recurso, tendo en conta o noso alumnado, como indicamos antes. Por outra parte, nos Principios de actuación, recóllese a idea de que o profesorado da materia, como é o noso caso, deberá colaborar co titor/a e co departamento de orientación nesta atención á diversidade a través de estratexias que promovan a inclusión, o traballo en equipo e o respecto, entre outras. O coñecemento da diversidade da nosa aula comezará xa a través da avaliación inicial e o estudo dos seus resultados, aínda que será un proceso que desenvolvamos tamén ao longo de todo o curso.

Con obxecto de atender adecuadamente á diversidade, levaranse a cabo diversas medidas, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Medidas organizativas.
- Apoios e reforzos.

Estas serán obxecto de coordinación co Departamento de Orientación unha vez que se identifiquen e valoren as necesidades específicas de apoio educativo derivadas de problemas de aprendizaxe, discapacidade ou trastorno de conduta, altas capacidades ou incorporación serodia, ou por requirir dun programa específico para adquirir a lingua de acollida, ou superar as carencias sobre as competencias básicas. A estas alturas de inicio de curso, unicamente contamos coa información recollida dos cursos anteriores (neste caso, 6EP, polo que debemos cinguirnos ao facilitado polos centros de procedencia do alumnado). Entre as necesidades comunicadas, debemos de mencionar un caso de hipoacusia bilateral, se ben non precisa de adaptación por esta discapacidade, pois conta cunha ferramenta propia que lle permite escoitar ao profesorado. Así e todo, este deberá de prestar atención ao seu funcionamento e achegar os reforzos que foran precisos. Amais, contamos cunha casuística na que hai xa unha Adaptación Curricular implementada nos dous últimos cursos da EP, que probablemente precise de continuidade (se ben detectaremos as carencias máis especificamente na avaliación inicial); así como un caso de TEA ao que deberemos de aplicar o Protocolo de Tratamento Educativo do

Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo. Do mesmo xeito, amais destas tres circunstancias, reforzaremos a todo o alumnado que así o precise, tendo en conta tamén que esta medida de atención á diversidade vén xa de implementarse con este alumnado nos cursos previos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X			X		X		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X				X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde		X			X			
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable	X	X		X	X	X		
ET.13 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - A paz e os valores democráticos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X		
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde				
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable				
ET.13 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.14 - A paz e os valores democráticos	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Contribución ao Proxecto Lector	Implementación do Plan Anual Lector

Observacións:

As demais actividades complementarias están recollidas no PXA. Do mesmo xeito, poderanse programar outras que se vaian ofertando ao longo do curso 23/24 e das que, a esta altura, aínda non temos constancia.

Canto ao proxecto lector, a materia de Lingua Galega e Literatura, pola súa propia esencia, comparte plenamente o obxectivo do PL do centro: facer da formación lectora e escritora e asemade da competencia informativa e documental un dos elementos clave da actividade educativa.

En todos os niveis, lévase a cabo un labor de concienciación entre o alumnado desde diferentes fronteiras:

- a) Establecendo os niveis de lectura para cada curso.
- b) Incentivando a creación de todo tipo de textos entre o alumnado.
- c) Fomentando o uso da Biblioteca como espazo de lecer.
- d) Permitindo e propiciando na aula o intercambio de experiencias lectoras.
- e) Recomendando lecturas que abra ao alumnado novos horizontes.

En definitiva, traballando a idea da lectura como fonte de pracer. En relación con isto, na nosa materia desenvolveremos o Plan Anual Lector (PAL) como concreción do Proxecto Lector. Como quedou reflectido na Programación Xeral Anual, todos os cursos e niveis levan aparelados a lectura de libros trimestrais

Desde o Departamento, tratamos de compaxinar aquelas lecturas que poden resultar máis atractivas para os rapaces e rapazas, con aquelas que poderíamos considerar clásicas da nosa literatura coa finalidade de darlle ao alumnado unha visión máis ampla do noso acervo literario. As lecturas están elixidas sempre de acordo coas idades e niveis dos lectores e lectoras. Alén disto e de forma constante, desenvólvense nas aulas lecturas de textos variados coa finalidade de profundar na comprensión lectora dos rapaces e rapazas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Consegiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?

Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?

Descrición:

No proceso de avaliación, contemplaremos tamén a da propia práctica docente, tal e como se establece na Orde do 25 de xaneiro de 2022. Do mesmo xeito, tamén será preciso cualificala ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Desenvolveremos estas avaliacións a través dunha serie de indicadores de logro (reproducidos arriba) que incluiremos nunha rúbrica. Así pois, no tocante ó rol docente avaliaremos cuestións en relación coa súa práctica ao longo do curso e o seu rol no proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao abeiro da Orde do 25 de xaneiro de 2022 contemplamos tamén o seguimento, avaliación e as propostas de mellora da programación. Por iso, ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe iremos comprobando o desenvolvemento dunha serie de indicadores de logro recollidos nunha rúbrica de avaliación na que atenderemos á secuenciación e temporalización, recursos, metodoloxías, resultados, etc. Para estas avaliacións empregaremos procedementos e instrumentos como de medición, como son as listas de control sobre a secuenciación e temporalización; ou de observación, a través do seguimento e reorganización da programación por parte da docente. Esta revisión realizarase trimestralmente, logo de cada sesión de avaliación e a partir dos datos obxectivos e cuantificables, analizando a marcha da Programación Didáctica, as dificultades observadas, a adecuación das tarefas, os enfoques metodolóxicos, as aprendizaxes imprescindibles, os instrumentos de avaliación... permitindo así con todos estes datos unha correcta valoración do axuste entre o deseño, o desenvolvemento e os resultados. A partir de aí, adoptaremos as medidas correctoras que se estimen como posibles solucións dependendo do tipo de problema.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5:

1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos inclúiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

9. Outros apartados